



PROGRAMACIÓN

DIDÁCTICA

6º EP

CURSO 2021-2022



ÍNDICE:

- Introducción e contextualización.
- Programación das distintas áreas que compoñen o Currículo de 6º de EP:
 - Lingua castelá e Literatura.
 - Lingua galega e Literatura.
 - Matemáticas.
 - Ciencias da Natureza.
 - Ciencias Sociais.
 - Plástica.
 - Valores sociais e cívicos.
- Estrutura da programación de cada área das anteriores:
 - Contribución desde as áreas ao desenvolvemento das competencias.
 - Obxectivos da área.
 - Secuencia de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliáveis e competencias clave.
 - Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel do grao mínimo de consecución para superar a materia (evidencias para o portfolio).
 - Mínimos esixibles.
 - Actividades.
 - Temporalización.
 - Metodoloxía.
 - Materiais e recursos didácticos.
 - Procedementos e instrumentos de avaliación.
 - Criterios de avaliación, cualificación e promoción.
 - Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados (linguas e matemáticas)
 - Medidas de atención a diversidade.
 - Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
 - Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación das materias pendentes.
 - Plan e actividades de reforzo e recuperación para o alumnado que repite.
 - Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponde.
 - Mecanismos de revisión , avaliación e modificación das propias programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.
 - Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
 - Procedementos para avaliar a propia programación.

Anexos:

- Educación en valores.



- Accións de contribución ao proxecto lector.
- Accións de contribución ao plan TIC.
- Accións de contribución ao plan de convivencia.
- Actividades complementarias e extraescolares.

Introdución e contextualización

O Centro e a súa comunidade educativa

TIPO DE CENTRO

O Centro Público Integrado de Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria (CPI) “Manuel Suárez Marquier” é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia ubicado no concello do Rosal (Pontevedra).

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

➤ *Orixes*

Foi creado no curso 1978-79 e deu acollida, nos anos posteriores, ó alumnado de EXB e, dende a reforma, ó alumnado de Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria do concello do Rosal e ós barrios de Acevedo, Loureza, Burgueira, Mavia e Torroña do veciño concello de Santa María de Oia, escolarizados na etapa anterior (Educación Primaria) no Colexio de Educación Infantil e Primaria de Refoxos, adscrito a este CPI.

➤ *Ubicación, características e dotacións*

Está situado nunha zona pouco poboada que dista, aproximadamente, medio quilómetro da capitalidade do municipio. Rodéano zonas de monte e terras de labradío. As comunicacións por estrada son boas. Ás portas do centro conflúen a estrada As Patas-Loureza coa estrada Pías-O Rosal.

A poboación do Concello, formado polas parroquias de Sta. Mariña do Rosal, S. Miguel de Tabagón, S. Xoán de Tabagón e S. Bartolomé de Eiras, está bastante diseminada, ocupando a parte baixa do val e as beiras do río Miño. É de carácter rural e a ocupación fundamental das súas xentes é a agricultura, con especial adicación ó viño e ós cultivos en invernadoiros.

Nas proximidades do centro hai unha biblioteca municipal e un auditorio, onde ten a súa base a Banda de Música “Agrupación Musical do Rosal” e a súa Escola de Música, así como o Club Ciclista “Albariño La Val”. A atención sanitaria préstase nun centro de saúde, tamén próximo. No ámbito do Concello funciona o CRA de Educación Infantil e Educación Primaria “María Zambrano” que escolarizan alumnos e alumnas do segundo ciclo de Educación Infantil (3,4 e 5 anos) e Primeiro Ciclo de Primaria (1º e 2º Cursos).

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

➤ *Procedencia*

O alumnado de Educación Primaria provén, fundamentalmente, do CRA do noso Concello. Ademais, como xa quedou dito, na ESO, escolarízase ó alumnado que provén do CEIP de Refoxos, no



concello de Oia, que está adscrito a este CPI.

➤ *Situación familiar*

A idade media dos pais dos nosos alumnos e alumnas está comprendida entre os 35 e os 45 anos e, a das nais, entre os 30 e os 40 anos. Pode concluirse, polo tanto, que son pais/nais de pouca idade e, nalgúns casos, xa cursaron estudos neste centro.

Nunha alta porcentaxe, pais e nais teñen estudos primarios, observándose, iso si, que a menor idade o nivel de estudos é maior.

A familia-tipo está formada por pai, nai e dous fillos/fillas. Hai un tercio das familias nas que, ademais, convive outro membro: avó, avoa, tío, tía, etc..

➤ *Motivación polo estudo*

Un altísimo número de familias posúe pouco material de consulta e case non merca periódicos. Sen embargo, unha porcentaxe importante adquire a chamada “prensa rosa ou do corazón”. Hai, en xeral, pouco hábito de lectura entre o noso alumnado; hábito que se vai perdendo a medida que avanza en idade escolar. Como consecuencia, os alumnos e alumnas teñen pouco vocabulario e dificultades na comprensión lectora.

Con carácter xeral pode afirmarse que a motivación diante do estudio é escasa, no que inflúe poderosamente o nivel de estudos dos pais. Con todo, o número de alumnos e alumnas que continúa estudos medios e superiores ten mellorado moito nestes últimos anos coa creación do IES da Guarda.

➤ *Linguas*

A lingua máis empregada polos pais, cando falan entre si, é galego. Destaca o feito de que a pais máis maiores, máis emprego do galego, así como que a porcentaxe aumenta nas zonas máis rurais.

Entre pais e fillos, a lingua máis falada é tamén o galego. Os nenos e nenas, entre si, falan o galego nunha porcentaxe elevada.

Como conclusións destes datos podemos afirmar que:

- Na elección da lingua, é moito maior a influencia da familia cá da escola.
- Persiste unha consideración do galego como lingua de menor importancia con respecto do castelán.
- Dentro dos concellos do Rosal e Oia, cada vez hai máis poboación semiurbana, máis proclive ó uso do castelán.

ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO

Existe unha única Asociación de Pais de Alumnos.

O nivel de colaboración desta Asociación co centro é óptimo. Entre os seus cometidos máis importantes cabe destacar a organización das actividades extraescolares que se realizan polas tardes, a posta en marcha de novo do Banco de Libros e a organización da Festa de Fin de Curso.



Programación das distintas áreas que compoñen o Currículo de 6º curso de EP:

Lingua galega e Literatura

1. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS.

Descrición do modelo competencial.

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e reconfiguración dos contidos dende un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable, polo que cada unha se divide en indicadores, grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos encontrar entre 3 e 6 indicadores por competencia.

O indicador segue sendo aínda demasiado xeral polo que o dividimos no que chamamos **descriptores da competencia**, que “describen” ao alumno competente neste ámbito. Por cada indicador encontraremos entre 3 e 6 descriptores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descriptor en **desempeños competenciais** redactados en terceira persoa de presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto, obxectivo e observable nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento partimos dun marco de descriptores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse dende todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de **valores**, presentes tamén en todas as áreas, axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse dende uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.



A diversidade de alumnos cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, levarannos a traballar dende as **diferentes potencialidades** que posúen, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Lingua galega e Literatura.

Na área de Lingua galega e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar, interpretar e expresar con claridade situacións cotiás contendo elementos matemáticos. Así mesmo, ofrece a posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados para poder desenvolver así a utilización da linguaxe como instrumento para poder comunicarse e expresarse a diferentes niveis.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Xerar criterios persoais acerca da visión social sobre a estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

A expresión oral e a expresión escrita requiren dun adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descritor en cada unha das unidades didácticas.

Debido ao carácter da área, trataremos de que adquiran as destrezas comunicativas no uso da lingua. Será unha prioridade dotar o alumnado de estratexias que favorezan unha correcta aprendizaxe e que lle aseguren un manexo efectivo nas situacións cotiás e en diferentes contextos nos que se encontre.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.



- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital

Ser competente na utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Dende esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.

Na área de Lingua galega e Literatura adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

A través da lingua, podemos coñecer o mundo no que vivimos, o ámbito que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia nos pode dar unha visión diferente dende a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións dende códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A área de Lingua galega e Literatura pídenos desenvolver unha serie de actitudes e valores que nos van levar a saber desenvolvernos na sociedade na que vivimos. Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse dende o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor



A área de Lingua galega e Literatura esixe un proceso de ensino-aprendizaxe activo. O enfoque comunicativo radica na necesidade de utilizar a lingua. Será necesario iniciar o alumnado en adestrar diferentes habilidades de emprendemento como unha forma de consolidar as diferentes ferramentas para comunicarse.

Neste caso, os descritores que cómpre adestrar son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non ven.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo a aquilo que nos formulamos. Nesta área vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia son:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Lingua galega e Literatura (Unidades)

2. OBXECTIVOS.

3. SECUENCIA DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DO GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA (EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO)



Lingua galega e Literatura. Unidade 1

1.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar correctamente o léxico da unidade.
- Coñecer e manexar os diferentes tipos de dicionarios.
- Recoñecer as maiúsculas.
- Escribir un texto poético de catro versos.

1.2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
▪ Audición do texto da lectura.	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.	CCL, CD, CSC
▪ Lectura e comprensión dun texto poético.	1. Ler un texto poético con fluidez e comprensión.	1.1. Le un texto poético con fluidez e corrección.	CCL
		1.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	CCL, CAA
▪ Adquisición de novo vocabulario. Formación de palabras: prefixación e sufixación. Utilización de dicionarios xerais e especializados.	1. Enriquecer o vocabulario con palabras coa formación de palabras novas e manexar os diferentes tipos de dicionario.	1.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido e forma palabras novas.	CCL, CSIEE, CSC
		1.2. Recoñece e emprega os diferentes tipos de dicionario.	CCL, CD
▪ O substantivo, adxectivo e artigo.	1. Distinguir os tipos de palabras.	1.1. Distingue os distintos tipos de palabras.	CCL
▪ O uso das maiúsculas.	1. Recoñecer as maiúsculas, coñecer as regras de escritura e saber escribilas.	1.1. Recoñece as maiúsculas, coñece as regras de escritura e sabe escribilas.	CCL, CCEC, CMCT, CD
▪ Elaboración dun poema.	1. Elaborar un poema.	1.1. Mide os versos dun poema.	CCL, CSIEE
▪ Recoñecemento das distintas partes dunha narración.	1. Recoñecer as distintas partes dunha narración.	1.1. Sabe identificar a presentación, o nó ou trama e o desenlace.	CCL, CCEC

1.3. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.



No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais.	• CD-Audio da lectura.
2.1. Le un texto poético con fluidez e corrección.	• Lectura de textos poéticos.
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	• Actividades de comprensión lectora.
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido e forma palabras novas.	• Actividades de vocabulario propostas no libro de texto.
3.2. Recoñece e emprega os diferentes tipos de dicionario.	• Actividades co dicionario.
4.1. Comprende os conceptos de substantivo, adxectivo e artigo.	• Actividades do apartado “Gramática”.
5.1. Recoñece as maiúsculas.	• Actividades do apartado “Ortografía”.
6.1. Sabe identificar as partes dunha narración.	• Actividades do apartado de “Literatura”.

Lingua galega e Literatura. Unidade 2

2.1 OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar correctamente o vocabulario da unidade
- Formar palabras: a composición.
- Coñecer os demostrativos e os posesivos.
- Coñecer e aplicar as regras básicas de acentuación.
- Explicar a elaboración dunha receita
- Identificar a métrica e a rima dun poema.

2.2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
• Audición do texto da lectura .	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.	CCL, CD, CSC
• Lectura e comprensión dun texto narrativo.	2. Ler un texto narrativo con fluidez e comprensión.	2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección.	CCL
		2.2. Comprende o sentido	CCL,



		global dun texto e responde cuestións de comprensión.	CAA
• Adquisición de novo vocabulario e formación de palabras por composición.	3. Enriquecer o vocabulario coa formación de novas palabras.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido.	CCL, CSIEE, CSC
• Posesivos e demostrativos.	4. Identificar os posesivos e os demostrativos.	4.1. Distingue os posesivos e os demostrativos, clasifícaos e analízaos.	CCL
		4.2. Identifica o xénero e o número dos posesivos e demostrativos.	CCL
• Regras básicas de acentuación.	5. Coñecer as regras básicas de acentuación.	5.1. Acentúa correctamente as palabras que seguen as normas xerais.	CCL
• Explicación dunha receita.	6. Identificar as distintas partes dunha receita.	6.1. Identifica as partes dunha receita e explica a súa elaboración.	CCL, CSIEE
• Análise da métrica e da rima.	7. Analizar a métrica e a rima dun poema.	7.1. É quen de analizar a métrica e a rima dun poema.	CCL, CCEC

2.3. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais atentamente.	• CD-Audio da lectura da unidade.
2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección.	• Lectura do texto que abre a unidade do libro.
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	• Actividades do apartado “Comprensión da lectura”,
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido.	• Actividades de “Vocabulario”
3.2. Identifica palabras ⁹ compostas.	• Actividades de Vocabulario.
4.1. Distingue os posesivos e demostrativos.	• Actividades de “Gramática”,
4.2. Identifica o xénero e o número dos posesivos e demostrativos e é capaz de modificalo.	• Actividades de “Gramática”
5.1. Acentúa correctamente as palabras que seguen as normas xerais.	• Actividades do apartado “Ortografía”



6.1. Identifica as partes dunha receita.	• Actividades do libro.
7.1. É quen de analizar a métrica e a rima dun poema.	• Actividades do apartado “Literatura”

Lingua galega e Literatura. Unidade 3

3.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar correctamente o vocabulario relacionado co tema.
- Coñecer e utilizar con corrección as palabras homónimas.
- Identificar e coñecer os numerais e indefinidos
- Coñecer e aplicar as regras especiais de acentuación.
- Escribir poemas.
- Distinguir os principais tipos de estrofa.

3.2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
• Audición do texto da lectura .	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.	CCL, CD, CSC
• Lectura e comprensión dun texto narrativo.	2. Ler un texto narrativo con fluidez e comprensión.	2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección.	CCL, CMCT
		2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	CCL, CAA
• Adquisición de novo vocabulario .	3. Enriquecer o vocabulario con palabras homónimas.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico relativo á unidade.	CCL, CSIEE, CSC
• Identificación de numerais e indefinidos.	4. Identificar os numerais e indefinidos.	4.1. Identifica os numerais e indefinidos.	CCL
• Os casos especiais de acentuación.	5. Coñecer e aplicar as regras de acentuación para os casos especiais.	5.1. Coñece e aplica as normas de acentuación para casos especiais.	CCL
• A escrita guiada de poemas.	6. Escribir un poema de xeito guiado.	6.1. É capaz de escribir un poema seguindo unhas pautas dadas.	CCL
• As clases de estrofas.	7. Distinguir as estrofas básicas.	7.1. Diferencia os principais tipos de estrofas.	CCL, CSIEE

3.3. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO



Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgúñas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais atentamente.	• CD-Audio da lectura da unidade.
2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección.	• Lectura do texto que abre a unidade.
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	• Actividades de “Comprensión da lectura”
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido.	• Actividades de “Vocabulario”.
3.2. Recoñece e diferencia as palabras homónimas.	• Actividades de “Vocabulario” e de “Uso o dicionario”
4.1. Identifica e recoñece os indefinidos e os numerais.	• Selección de actividades de “Gramática”
5.1. Coñece e aplica as normas de acentuación para casos especiais.	• Selección de actividades de “Ortografía”
6.1. É capaz de escribir un poema seguindo unhas pautas dadas.	• Actividades de expresión escrita.
7.1. Diferencia os principais tipos de estrofas.	• Actividades de “Literatura”

Lingua galega e Literatura. Unidade 4

4.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar correctamente o vocabulario da unidade.
- Coñecer e formar campos semánticos.
- Identificar os verbos e separa a raíz e as desinencias.
- Utilizar adecuadamente o acento diacrítico.
- Recoñecer unha carta formal.
- Distinguir os principais recursos poéticos.

4.2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIÁBEIS - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
• Audición do texto da lectura .	1. escoitar textos orais en silencio e interese.	1.1. escoita textos orais atentamente.	CCL, CD,



			CSC
• Lectura e comprensión dun texto narrativo.	2. Ler un texto narrativo con fluidez e comprensión.	2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección.	CCL
		2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde as cuestións.	CCL, CAA
• Adquisición de novo vocabulario referido á unidade.	3. Enriquecer o vocabulario con palabras referidas á unidade.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico relativo á unidade.	CCL, CSIEE, CSC
		3.2. Identifica e forma campos semánticos.	CCL
• O verbo: raíz e desinencia.	4. Distinguir nos verbos a raíz da desinencia	4.1. Identifica os verbos.	CCL
		4.2. Separa a raíz da desinencia..	
• O acento diacrítico.	5. Coñecer e aplicar a acentuación diacrítica.	5.1. Utiliza correctamente o acento diacrítico.	CCL
• A carta: formal.	6. Distinguir una carta formal.	6.1. Identifica e escribe cartas.	CCL, CSIEE
• Algúns recursos poéticos.	7. Distinguir a repetición e a personificación.	7.1. Recoñece e diferencia as repeticións e as personificacións.	CCL, CCEC

4.3. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais atentamente.	• CD-Audio da lectura do tema.
2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección.	• Lectura do texto que abre a unidade .
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	• Actividades de comprensión lectora.
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico relativo á aula de música e palabras novas.	• Actividades de "Vocabulario"
3.2. Identifica e forma campos semánticos.	• Actividades de "Vocabulario", e de "Uso do dicionario"
4.1. Identifica os verbos	• Actividades de Gramática e fichas de ampliación.
4.2. Diferencia raíz de desinencia.	• Actividades de Gramática.
5.1. Utiliza correctamente o acento diacrítico.	• Actividades de "Ortografía"



6.1. Identifica e escribe cartas.	• Actividades de Expresión Escrita.
7.1. Recoñece e diferencia as repeticións e as personificacións.	• Actividades do apartado "Literatura"

Lingua galega e Literatura. Unidade 5

5.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar con corrección o vocabulario da unidade.
- Coñecer e utilizar con corrección as frases feitas.
- Identificar os pronomes persoais e as súas formas.
- Coñecer e aplicar as normas básicas de colocación do pronome átono.
- Coñecer as principais grafías da lingua e aplicar normas ortográficas do seu uso..
- Respetar a orde lóxica e o sentido na escrita de textos.
- Distinguir os principais textos do xénero narrativo.

5.2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
• Audición do texto da lectura .	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.	CCL, CD, CSC
• Lectura e comprensión dun texto narrativo.	2. Ler un texto narrativo con fluidez e comprensión.	2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección.	CCL
		2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde as cuestións.	CCL, CAA
• Adquisición de novo vocabulario referido á unidade e coñecemento do significado das frases feitas.	3. Enriquecer o vocabulario con palabras referidas ao prado e coñecer o significado das frases feitas.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico relativo á unidade.	CCL, CSIEE, CSC
		3.2. Coñece o significado dalgunhas frases feitas e úsaas en contextos adecuados.	CCL
• Os pronomes persoais.	4. Identifica os pronomes persoais e colócaos correctamente.	4.1. Identifica e clasifica os pronomes persoais.	CCL CCL
		4.2. Coñece e aplica as regras básicas de colocación do pronome átono.	
• Repaso de grafías.(g-gu, c-qu, c-z, r-rr, v-b)	5. Coñecer e aplicar as diferentes grafías..	5.1. Utiliza correctamente as principais grafías.	CCL
• O sentido na escrita.	6. Escribir textos que respecten a orde lóxica e o sentido.	6.1. Escribe textos que manteñen unha orde lóxica no contido.	CCL, CSIEE



• O xénero narrativo.	7. Distinguir os diferentes textos propios do xénero narrativo.	7.1. Identifica as novelas, os contos, as fábulas e as lendas.	CCL, CCEC
-----------------------	---	--	-----------

5.3. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais atentamente.	• CD-Audio da lectura da unidade.
2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección.	• Lectura do texto que abre a unidade do libro.
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	• Actividades do apartado “Comentario da lectura”
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido.	• Actividades de “Vocabulario”,
3.2. Coñece o significado dalgunhas frases feitas e úsaas en contextos adecuados.	• Actividades de “Vocabulario” e “Uso o dicionario”
4.1. Identifica e clasifica os pronomes persoais.	• Actividades de “Gramática”
4.2. Coñece e aplica as regras básicas de colocación do pronome átono.	• Actividades de “Gramática”
5.1. Utiliza as grafías principais.	• Actividades de “Ortografía”
6.1. Identifica as novelas, os contos, as fábulas e as lendas.	• Actividades de “Literatura”

Lingua galega e Literatura. Unidade 6

6.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar con corrección o vocabulario da unidade..
- Diferenciar os sufixos diminutivos, aumentativos e despectivos.
- Identificar os diferentes tipos de adverbios.
- Coñecer e aplicar o uso da grafía B .
- Distinguir as biografías.
- Identificar o narrador nun texto e indicar a súa tipoloxía.

6.2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).



Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
• Audición do texto da lectura da unidade.	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.	CCL, CD, CSC
• Lectura e comprensión dun texto narrativo.	2. Ler un texto narrativo con fluidez e comprensión.	2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección.	CCL
		2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	CCL, CAA
• Adquisición de novo vocabulario referido á unidade e identificación dos sufixos diminutivos, aumentativos e despectivos.	3. Enriquecer o vocabulario con palabras referidas á unidade e diferenciar os sufixos diminutivos, aumentativos e despectivos.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico relativo á unidade.	CCL, CSIEE, CSC
		3.2. Diferencia os sufixos diminutivos, aumentativos e despectivos.	CCL
• Os adverbios.	4. Identificar os adverbios, saber clasificalos.	4.1. Identifica os adverbios e sabe clasificalos.	CCL
• Grafía B.	5. Coñecer e aplicar as normas de uso do B.	5.1. Coñece normas de escritura da letra B e aplícaas.	CCL
• A biografía.	6. Distinguir as biografías e coñecer os seus rasgos característicos.	6.1. É capaz de distinguir unha biografía e de recoñecer os seus rasgos característicos	CCL, CSIEE
• O narrador.	7. Identificar o narrador nun texto e indicar a súa tipoloxía.	7.1. Identifica o narrador nun texto e indica se é interno ou externo.	CCL, CCEC

6.3. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais atentamente.	• CD-Audio da lectura da unidade.
2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección.	• Lectura do texto que abre a unidade .
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	• Actividades do apartado “Comentario da lectura”
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido.	• Actividades do apartado “Vocabulario”
3.2. Diferencia os sufixos diminutivos, aumentativos e despectivos.	• Actividades do apartado “Vocabulario”



4.1. Identifica os adverbios.	• Actividades do apartado Gramática.
5.1. Utiliza correctamente a grafía B.	• Actividades do apartado “Ortografía”
6.1. É capaz de distinguir unha biografía e de recoñecer os seus rasgos característicos.	• Actividades do apartado de Expresión Escrita.
7.1. Identifica o narrador nun texto e indica se é interno ou externo.	• Actividades do apartado “Literatura”

Lingua galega e Literatura. Unidade 7

7.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar con corrección o vocabulario referido á unidade.
- Identificar sinónimos y antónimos.
- Coñecer as Preposicións e as Conxuncións.
- Coñecer as normas de escritura da letra V e apicalas.
- Distinguir o estilo directo nunha narración e transformar un texto dun estilo a outro.
- Identificar e clasificar os personaxes dunha obra narrativa.

7.2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
• Audición do texto da lectura da unidade.	1. escoitar textos en silencio, interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.	CCL,CD CSC
• Lectura e comprensión dun texto poético.	2. Ler un texto poético con fluidez e comprensión.	2.1. Le un texto poético con fluidez e corrección.	CCL
		2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións.	CCL, CAA
• Adquisición de novo vocabulario referido á unidade e identificación das palabras primitivas, derivadas e compostas.	3. Enriquecer o vocabulario con palabras referidas á unidade.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido na unidade..	CCL, CSIEE, CSC
		3.2. Diferencia as palabras primitivas, derivadas e compostas.	CCL
• Preposicións e conxuncións. Verbo andar.	4. Comprender o que son os enlaces, identificalos e saber usalos.	4.1. Comprende o que son os enlaces, e sabe usalos.	CCL
		4.2. Estuda o verbo andar.	CCL
• Grafía V.	5. Coñecer e aplicar as normas de uso da V.	5.1. Coñece e aplica as normas de uso da V.	CCL
• O estilo directo.	6. Distinguir o estilo directo nunha narración.	6.1. Distingue o estilo directo nunha narración.	CCL
		6.2. Transforma un texto dun estilo a outro.	CCL, CSIEE



• Os personaxes.	7. Identificar e clasificar os personaxes dun texto.	7.1. Identifica e clasifica os personaxes dun texto.	CCL, CCEC
------------------	--	--	--------------

7.3. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avilables	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais atentamente.	• CD-Audio da lectura da unidade.
2.1. Le un texto poético con fluidez e corrección.	• Lectura do texto da unidade.
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	• Actividades do apartado “Comentario da lectura”
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido.	• Actividades do apartado “Vocabulario”
3.2. Diferencia os antónimos e os sinónimos.	• Actividades do apartado “Vocabulario” e “Uso o dicionario”
4.1. Comprende o que son os enlaces, identifícaos e sabe utilizalos correctamente.	• Actividades do apartado “Gramática”
4.2. Coñece a primeira conxugación.	• Actividades de reforzo do verbo andar.
5.1. Coñece e aplica as normas de uso da V	• Actividades do apartado “Ortografía”
6.1. Distingue o estilo directo nunha narración.	• Actividades de Expresión Escrita.
6.2. Transforma un texto dun estilo a outro.	• “Obradoiro de expresión”
7.1. Identifica e clasifica os personaxes dun texto.	• Actividades do apartado “Literatura”

Lingua galega e Literatura. Unidade 8

8.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Aumentar o vocabulario referido á unidade.
- Recoñecer e formar familias léxicas.
- Coñecer e aplicar as normas de uso do H.
- Distinguir o estilo indirecto nunha narración e transformar un texto dun estilo a outro.
- Describir un obxecto.

8.2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

**AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE**

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
• Audición do texto da lectura da unidade.	1. escoitar textos orais en silencio e interese.	1.1. escoita textos orais atentamente.	CCL, CD, CSC
• Lectura e comprensión dun texto expositivo.	2. Ler un texto expositivo con fluidez e comprensión.	2.1. Le un texto expositivo con fluidez e corrección.	CCL
		2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	CCL, CAA
• Adquisición de novo vocabulario referido á unidade.	3. Enriquecer o vocabulario con palabras referido á unidade.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido.	CCL, CSIEE, CSC
		3.2. Recoñece e forma familias léxicas.	CCL
• As palabras con H.	4. Coñecer e aplicar as normas de uso do H.	4.1. Coñece e aplica as normas de uso do H.	CCL
• O estilo indirecto.	5. Distinguir o estilo indirecto nunha narración.	5.1. Distingue o estilo indirecto nunha narración.	CCL
		5.2. Transforma un texto dun estilo a outro.	CCL, CSIEE
• Descrición dun obxecto.	6. Describir un obxecto.	6.1. Describe un obxecto.	CCL, CCEC

8.3. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais atentamente.	• CD-Audio da lectura da unidade.
2.1. Le un texto expositivo con fluidez e corrección.	• Lectura do texto que abre a unidade.
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	• Actividades do apartado “Comentario da lectura”



3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido.	• Actividades do apartado “Vocabulario”
3.2. Recoñece e forma familias léxicas.	• Actividades do apartado “Vocabulario” e “Uso o dicionario”,
4.1. Realiza a concordancia axeitada.	• Actividade do apartado “Gramática”
5.1. Coñece e aplica as normas de uso do <i>H</i>	• Actividades do apartado “Ortografía”
6.1. Distingue o estilo indirecto nunha narración.	• Actividade de Expresión Escrita.
7.1. Describe un obxecto.	• Actividades de Expresión Escrita.

Lingua galega e Literatura. Unidade 9

9.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Aumentar o vocabulario referido á unidade..
- Coñecer o significado e o uso das siglas e abreviaturas.
- Distinguir e utilizar con corrección as preposicións e as conxuncións.
 - Estudar o verbo varrer.
- Coñecer palabras que se escriben con X e con LL.
- Identificar e elaborar os elementos de un cómic.
- Coñecer os temas que máis se repiten na literatura.

9.2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
• Audición do texto da lectura da unidade.	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.	CCL, CD, CSC
• Lectura e comprensión dun texto narrativo.	2. Ler un texto narrativo con fluidez e comprensión.	2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección.	CCL
		2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións.	CCL, CAA
<ul style="list-style-type: none">Iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e defender	11. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de	11.1. Mostra unha actitude emprendedora na construción dun modelo	CCL, CMCT, CD,



opinións, e desenvolvemento de actitudes de respecto e colaboración ao traballar en grupo.	defender opinións, e desenvolver actitudes de respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.	de corazón, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación, e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.	CSC, CSIEE
▪Elaboración de traballos con sentido estético. ▪Coñecemento e uso de recursos artísticos e expresivos.	12. Coñecer e utilizar recursos artísticos, e coidar a estética á hora de realizar traballos.	12.1. Usa recursos artísticos e coida a estética cando constrúe.	CCL, CMCT, CAA, CCEC

2.3. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Describe as tarefas que realiza o aparato circulatorio.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades do libro do alumno.• Actividades de ampliación e reforzo.
1.2. Identifica e nomea os tipos de órganos que o compoñen.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades do libro do alumno.• Actividades de ampliación e reforzo.
2.1. Nomea e describe as células sanguíneas e as súas funcións	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para elaborar unha táboa coas funcións das células sanguíneas.
2.2. Describe a composición do plasma.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades do libro do alumno.• Actividades de ampliación e reforzo.
3. Distingue os vasos sanguíneos e a súa función.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade de reforzo para describir a tarefa que realiza o aparato circulatorio.• Actividade que traballa coa imaxe, para explicar por que se di que o aparato circulatorio humano é pechado.
4. Describe a función do corazón.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades do libro do alumno.• Actividades de ampliación e reforzo.
5.1. Identifica, nomea e describe as cavidades do corazón e o latexo cardíaco.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para definir palabras relacionadas co corazón e coa circulación.
5.2. Describe a circulación xeral e a circulación pulmonar do sangue, nomeando as principais veas e arterias polas que se producen.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para describir a circulación xeral do sangue e a circulación pulmonar a partir de ilustracións.



6.1. Identifica e nomea os órganos do aparato excretor e describe o seu funcionamento, desde o filtrado do sangue ata a expulsión dos ouriños.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade que traballa coa imaxe, para identificar as partes do aparato excretor.• Actividade para nomear os aparatos implicados na excreción humana.
6.2. Describe a excreción mediante as glándulas sudoríparas.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para localizar as glándulas sudoríparas e citar a súa función.
7.1. Define doazón, doador e banco de sangue. Coñece as características das doazóns.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades para traballar coa información sobre as doazóns de sangue.
8.1. Participa activamente na construción dun modelo de pulmón. Identifica as partes e funcionamento do modelo de pulmón e relaciónao co pulmón real.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades para traballar cun modelo de pulmón.
9.1. Comprende informacións, adquire vocabulario sobre a respiración, a circulación e a excreción, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura de textos relacionados coa nutrición humana.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades para traballar coa lectura inicial e co vocabulario.
10.1. Aplica estratexias matemáticas para interpretar gráficos e resolver problemas sobre doazóns e latexos do corazón.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para calcular o número de latexos no que leva de vida a partir do número de latexos por minuto.
11.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para facer un resumo do proceso de respiración.

Ciencias da natureza. Unidade 3

3.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer as características xerais da reprodución humana.
- Coñecer a estrutura e o funcionamento dos aparatos reprodutores feminino e masculino, e a estrutura e función dos gametos.
- Caracterizar as fases da reprodución humana, desde a fecundación e o desenvolvemento embrionario ata o parto, así como algunhas características e necesidades do neonato.
- Coñecer os cambios corporais, emocionais e de relación que se producen durante a puberdade.
- Adquirir e mellorar as habilidades de comunicación que axuden a vivir con naturalidade as diferenzas e a mellorar as relacións interpersoais.
- Aplicar operacións matemáticas para resolver problemas sobre o ciclo menstrual.
- Utilizar as TIC para investigar e ampliar os coñecementos sobre a reprodución humana, a herdanza xenética e os embarazos múltiples.
- Comprender informacións e adquirir vocabulario sobre a reprodución humana para expresar coñecementos de forma oral e escrita.

3.2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).



Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none">Características xerais da función de reprodución no ser humano.Gametos: óvulos e espermatozoides	1. Afianzar e ampliar o coñecemento da función de reprodución no ser humano: características xerais e gametos que interveñen.	1.1. Describe as características xerais da reprodución humana: tipo, aparatos e células que interveñen nela.	CCL, CMCT, CD, CAA
<ul style="list-style-type: none">Aparato reprodutor masculino: órganos e funcións.Utilización de láminas e debuxos para a identificación, localización e descrición de órganos e das súas funcións	2. Identificar, nomear e describir as funcións dos órganos do aparato reprodutor masculino.	2.1. Identifica e nomea os órganos do aparato reprodutor masculino, e describe as súas funcións. Nomea as partes do espermatozoide e describe as súas características máis relevantes.	CCL, CMCT, CD
<ul style="list-style-type: none">Aparato reprodutor feminino: órganos e función.Utilización de láminas e debuxos para a identificación, localización e descrición de órganos e das súas funcións	3. Identificar, nomear e describir as funcións dos órganos do aparato reprodutor feminino.	3.1. Identifica e nomea os órganos do aparato reprodutor feminino, e describe as súas funcións. Nomea as partes do óvulo e describe as súas características máis relevantes.	CCL, CMCT, CD, CAA
<ul style="list-style-type: none">A puberdade nos rapaces e nas rapazas: cambios no aparato reprodutor e nos caracteres sexuais secundarios.	4. Coñecer os cambios que conducen á madureza sexual.	4.1. Define puberdade, describe os cambios que se producen nos aparatos reprodutores masculino e feminino, e identifica os caracteres secundarios que se desenvolven neste período da vida humana.	CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE
<ul style="list-style-type: none">O ciclo menstrual e as súas fases.	5. Coñecer e describir os procesos que conforman a reprodución humana.	5.1. Describe as fases do ciclo menstrual.	CCL, CMCT, CAA
<ul style="list-style-type: none">Fases e procesos da reprodución humana.A fecundación.O desenvolvemento do embrión e as súas fases.		5.2. Define fecundación e cigoto. Describe o desenvolvemento do embrión e nomea as fases polas que pasa. Identifica, nomea e describe as funcións da placenta, o saco amniótico e o cordón umbilical.	CCL, CMCT, CD, CSIEE
<ul style="list-style-type: none">O parto.Características do bebé	6. Coñecer as características do parto e as do bebé	6.1. Describe as fases do parto, as características do bebé	CCL, CMCT,



durante os primeiros días de vida.	durante os primeiros días da súa vida.	acabado de nacer e os cambios madurativos que se producen nos seus aparatos , na súa alimentación, no seu sistema nervioso...	CD
<ul style="list-style-type: none">• A herdanza. Trazos herdables e identificación de trazos hereditarios no propio corpo.▪ Utilización de imaxes para identificar distintas fases do desenvolvemento embrionario.	7. Adquirir ideas básicas sobre os caracteres hereditarios e desenvolver estratexias de observación e recollida de información.	7.1. Identifica e nomea algúns trazos que se herdan, e reúne información para detectar a orixe dos caracteres herdados.	CCL, CMCT, CSC, CSIEE
<ul style="list-style-type: none">▪ Respecto polas diferenzas sexuais que existen entre rapazas e rapaces.▪ Confianza cos adultos responsables da súa educación para presentar dúbidas e inquietudes	8. Desenvolver actitudes de respecto e confianza para sentar as bases dunha correcta educación afectiva e sexual.	8.1. Acepta con normalidade as diferenzas de aparatos e de caracteres sexuais secundarios, amosa actitudes de respecto cara ás súas compañeiras e compañeiros de clase, e resolve as súas dúbidas coas persoas adecuadas.	CCL, CMCT, CSC, CSIEE
	9. Comprender informacións, adquirir vocabulario sobre a reprodución humana, expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e amosar interese pola lectura de textos.	9.1. Comprende informacións, adquire vocabulario sobre a reprodución humana, expresa coñecementos e opinións, e mostra interese pola lectura de textos sobre a reprodución.	CCL, CMCT, CD
<ul style="list-style-type: none">• Coñecemento e aplicación de estratexias e elementos matemáticos para resolver problemas.• Comprensión da realidade e exercicio dunha cidadanía construtiva e respectuosa cun mesmo e cos demais.	10. Aplicar elementos, operacións e estratexias matemáticos para resolver problemas sobre o ciclo menstrual.	10.1. Aplica operacións matemáticas para resolver algúns problemas sobre número e duracións do ciclo menstrual.	CCL, CMCT
<ul style="list-style-type: none">▪ Coñecemento e uso responsable das TIC ao investigar sobre a reprodución humana.▪ Uso de estratexias para tratar a información, transformala en	11. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, utilizar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio, aplicala a distintos	11.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.	CCL, CMCT, CD, CAA



coñecemento propio e aplicala en distintos contextos. Participación activa no propio proceso de aprendizaxe.	contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.		
▪Iniciativa e perseveranza na realización de tarefas, afrontar os problemas e defender opinións. Desenvolvemento de actitudes de respecto e colaboración ao traballar en grupo.	12. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións. Desenvolver actitudes de respecto e colaboración ao traballar en grupo.	12.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera na recuperación e participa nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.	CCL, CMCT, CSC, CSIEE
▪Elaboración de traballos e presentacións con sentido estético	13. Coidar a estética á hora de realizar traballos.	13.1. Elabora e presenta traballos coidando a estética.	CCL, CMCT, CCEC

3.3. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Describe as características xerais da reprodución humana: tipo, aparatos e células que interveñen nela.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para explicar por que a reprodución humana é sexual.
2.1. Identifica e nomea os órganos do aparato reprodutor masculino, e describe as súas funcións. Nomea as partes do espermatozoide e describe as súas características máis relevantes.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para facer un esquema coa relación entre as partes do aparato reprodutor masculino e as funcións que realizan.
3.1. Identifica e nomea os órganos do aparato reprodutor feminino, e describe as súas funcións. Nomea as partes do óvulo e describe as súas características máis relevantes.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para elaborar un esquema que relacione as partes do aparato reprodutor feminino e a súa función.
4.1. Define puberdade, describe os cambios que se producen nos aparatos reprodutores masculino e feminino, e identifica os caracteres secundarios que se desenvolven neste período da vida humana.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade que traballa coa imaxe, para identificar cambios que se producen na puberdade nos distintos xéneros.



5.1. Describe as fases do ciclo menstrual.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade que traballa coa imaxe, para interpretar, describir e anticipar o ciclo menstrual.
5.2. Define fecundación e cigoto. Describe o desenvolvemento do embrión e nomea as fases polas que pasa. Identifica, nomea e describe as funcións da placenta, do saco amniótico e do cordón umbilical.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades para definir cigoto, feto e embigo, e explicar a función do cordón umbilical.
6.1. Describe as fases do parto, as características do bebé acabado de nacer e os cambios madurativos que se producen nos seus aparatos respiratorio e circulatorio, na súa alimentación, no seu sistema nervioso...	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para describir os cambios que se producen no corpo da nai ao comezo do parto.
7.1. Identifica e nomea algúns trazos que se herdán, e reúne información para detectar a orixe dos caracteres herdados.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades para coñecer a existencia de trazos herdables e identificalos.
8.1. Acepta con normalidade as diferenzas de aparatos e de caracteres sexuais secundarios, mostra actitudes de respecto cara ás súas compañeiras e compañeiros da clase, e resolve as súas dúbidas coas persoas axeitadas.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para facer un traballo en grupo e investigar sobre os cambios de sentimentos e emocións de compañeiros e compañeiras.
9.1. Comprende informacións, adquire vocabulario sobre a reprodución humana, expresa coñecementos e opinións, e amosa interese pola lectura de textos sobre a reprodución.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades para traballar coa lectura inicial e co vocabulario.
10.1. Aplica operacións matemáticas para resolver algúns problemas sobre número e duracións do ciclo menstrual.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para calcular a cantidade de ciclos menstruais que terá unha muller en cinco anos.
11.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades para completar o esquema da unidade.
12.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera na recuperación e participa nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades de autoavaliación.
13.1. Elabora e presenta traballos cuidando a estética.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para describir o aspecto propio: os trazos da cara, a textura e a cor do pelo, a estatura...

Ciencias da natureza. Unidade 4

4.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer os principais compoñentes celulares e as funcións que desempeñan, e os niveis de organización dos seres vivos.
- Identificar e describir as características de organismos pertencentes aos reinos moneras, protocistas e fungos.
- Recoñecer a importancia dos organismos, pertencentes aos primeiros tres reinos dos seres vivos, para a biosfera e para o ser humano, coñecendo os seus efectos beneficiosos e prexudiciais.
- Coñecer aspectos básicos dos virus e a súa relación co desenvolvemento de enfermidades.



- Valorar a importancia do coñecemento científico dos organismos pertencentes aos reinos moneras, protoctistas e fungos, pola súa aplicación para, por exemplo, obter alimentos.
- Coñecer e utilizar elementos, estratexias matemáticas e TIC para resolver problemas e investigar sobre os seres vivos.
- Comprender informacións e adquirir vocabulario sobre os seres vivos para expresar coñecementos de forma oral e escrita.

4.2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> ▪Estrutura dunha célula típica e tipos de células. ▪Funcións vitais nas células. 	1. Coñecer a estrutura das células, o seu funcionamento, os tipos de células e como realizan as funcións vitais.	1.1. Identifica, nomea e describe as partes da célula e as tarefas que realizan. Describe os tipos de células e como realizan as funcións vitais.	CCL, CMCT, CD, CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪Organización celular dos seres vivos. 	2. Coñecer a organización celular dos seres vivos e a súa clasificación en unicelulares e pluricelulares.	2.1. Define ser unicelular e pluricelular, nomea e clasifica seres segundo a súa organización celular, e define tecido, órgano, sistema e aparato.	CCL, CMCT, CD, CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪O reino dos moneras: bacterias, formas e características xerais. 	3. Coñecer as características xerais dos seres que forman o reino dos moneras e identificar os seus efectos beneficiosos e prexudiciais noutros seres vivos e no ser humano.	3.1. Describe características das bacterias e as súas funcións vitais.	CCL, CMCT, CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪Beneficios e prexuízos que ocasionan as bacterias. 		3.2. Describe os efectos das bacterias noutros seres vivos.	CCL, CMCT, CAA, CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪O reino dos protoctistas: características xerais. ▪Protozoos, características xerais e relacións co ser humano. ▪As algas: características xerais. ▪Beneficios e prexuízos que lle proporcionan e ocasionan as algas ao ser humano. 	4. Afondar no coñecemento das características xerais das algas e dos protozoos, e identificar os seus efectos beneficiosos e prexudiciais na atmosfera, para outros seres vivos e para o ser humano.	4.1. Describe características dos protozoos, medios nos que viven e os seus efectos no ser humano.	CCL, CMCT, CD, CSC
		4.2. Describe características das algas, medios nos que viven, os seus efectos na composición do aire e o seu aproveitamento.	CCL, CMCT, CD, CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪O reino dos fungos: características xerais. ▪Tipos de fungos. 	5. Describir e identificar as características xerais dos fungos, e	5.1. Identifica e describe as características dos fungos e os medios onde viven,	CCL, CMCT, CD,



		e coñece tres grandes grupos de fungos.	CSC
▪Efectos beneficiosos e prexudiciais dos fungos na biosfera e para o ser humano.	coñecer os seus efectos beneficiosos e prexudiciais no conxunto da biosfera e para o ser humano.	5.2. Coñece a repercusión da función de nutrición dos fungos na biosfera e describe efectos beneficiosos e prexudiciais para o ser humano.	CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE
▪Os liques.	6. Adquirir unha idea básica de que son os liques e da súa importancia como indicadores de calidade ambiental.	6.1. Describe a estrutura dos liques e o seu modo de nutrición, e coñece a importancia e o significado da súa presenza nos ámbitos naturais.	CCL, CMCT, CD, CSC
▪Os virus.	7. Coñecer as características dos virus e os seus efectos nos seres vivos, en especial no ser humano.	7.1. Describe a estrutura básica dos virus e como actúan sobre as células dos seres vivos, e nomea algunhas das enfermidades que lle causan ao ser humano.	CCL, CMCT, CD, CSC
▪Realización de experiencias para observar cogomelos e esporas. ▪Interpretación de imaxes de seres vivos nos reinos moneras, protoctistas e fungos. ▪Importancia do coñecemento científico e as súas aplicacións en alimentación e medicina. ▪Importancia dos seres vivos dos primeiros tres reinos no conxunto da biosfera. ▪Realización de observacións de seres vivos e de imaxes destes. ▪Respecto pola natureza e aprecio pola variedade e complexidade dos seres vivos. ▪Comprensión de informacións, adquisición de vocabulario, uso da lingua como instrumento de comunicación e mantemento dunha actitude favorable cara á	8. Comprender informacións, adquirir vocabulario sobre os seres vivos e expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita. Mostrar interese pola lectura de textos sobre a biodiversidade e a exploración para o seu descubrimento.	8.1. Comprende informacións, adquire vocabulario sobre os seres vivos, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e amosa interese pola lectura.	CCL, CMCT, CD



lectura.			
<ul style="list-style-type: none">▪ Coñecemento e aplicación de elementos, operacións e estratexias matemáticos para resolver problemas.	9. Coñecer e aplicar elementos e estratexias matemáticos para resolver problemas sobre medidas reais de microorganismos vistos ao microscopio.	9.1. Coñece e aplica elementos, operacións e estratexias matemáticos para resolver problemas sobre medidas reais de microorganismos vistos ao microscopio.	CCL, CMCT
<ul style="list-style-type: none">▪ Coñecemento e aplicación de elementos, operacións e estratexias matemáticos para resolver problemas.▪ Comprensión da realidade social e exercicio dunha cidadanía construtiva, solidaria e respectuosa coa sociedade e coa natureza.▪ Coñecemento e uso responsable das TIC ao investigar sobre os seres vivos.▪ Uso de estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participación activa no propio proceso de aprendizaxe.	10. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio, aplicala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.	10.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.	CCL, CMCT, CD, CAA
<ul style="list-style-type: none">▪ Iniciativa e perseveranza á hora de afrontar problemas e defender opinións. Desenvolvemento de actitudes de respecto e colaboración ao traballar en grupo.	11. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar problemas e de defender opinións. Desenvolver actitudes de respecto e colaboración ao traballar en grupo.	11.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.	CCL, CMCT, CSC, CSIEE
<ul style="list-style-type: none">▪ Elaboración de traballos e presentacións con sentido estético.▪ Aprecio da beleza na natureza e no cotián	12. Apreciar a beleza dos organismos microscópicos e elaborar traballos coidando a estética.	12.1. Recoñece a beleza das microfotografías de organismos microscópicos e elabora traballos con sentido estético.	CCL, CMCT, CCEC

4.3. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.



No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Identifica, nomea e describe as partes da célula e as tarefas que realizan. Describe os tipos de células e como realizan as funcións vitais.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades do Libro do alumno, que traballan coas imaxes, para diferenciar células procariotas e eucariotas, e células vexetais e animais.• Actividade para citar as condicións que debe cumprir un ser vivo para considerarse como tal.• Actividade para facer un resumo sobre a forma na que as células fan as tres funcións vitais.
2.1. Define ser unicelular e pluricelular, nomea e clasifica seres segundo a súa organización celular, e define tecido, órgano, sistema e aparato.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para elaborar un esquema cos diferentes niveis de organización dos seres vivos.• Actividade para completar unha táboa coas características dos cinco reinos.
3.1. Describe características das bacterias e as súas funcións vitais.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades para nomear as características dos organismos incluídos no reino moneras.
3.2. Describe os efectos das bacterias noutros seres vivos.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para citar efectos beneficiosos das bacterias.
4.1. Describe características dos protozoos, medios nos que viven e os seus efectos no ser humano.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para nomear os organismos incluídos no reino prototistas.• Actividade para explicar as características dos protozoos.
4.2. Describe características das algas, medios nos que viven, os seus efectos na composición do aire e o seu aproveitamento.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para explicar como é a nutrición nas algas.
5.1. Identifica e describe as características dos fungos e os medios onde viven, e coñece tres grandes grupos de fungos.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades para nomear as características dos organismos incluídos no reino dos fungos.
5.2. Coñece a repercusión da función de nutrición dos fungos na biosfera e describe efectos beneficiosos e prexudiciais para o ser humano.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades para coñecer que é o humus e a forma de obter a penicilina.
6.1. Describe a estrutura dos líques e o seu modo de nutrición, e coñece a importancia e o significado da súa presenza nos ámbitos naturais.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para coñecer os líques e recoñecer o seu papel como indicadores biolóxicos.
7.1. Describe a estrutura básica dos virus e como actúan sobre as células dos seres vivos, e nomea algunhas das enfermidades que lle causan ao ser humano.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades para coñecer os virus e diferenciais das bacterias.



8.1. Comprende informacións, adquire vocabulario sobre os seres vivos, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e amosa interese pola lectura.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades para traballar coa lectura e co vocabulario. • Actividade para coñecer o significado da palabra plancto.
9.1. Coñece e aplica elementos, operacións e estratexias matemáticos para resolver problemas sobre medidas reais de microorganismos vistos ao microscopio.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade para recoñecer a importancia das comparacións en relación co tamaño microscópico.
10.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade para completar o esquema completo da unidade.
11.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade para traballar, de forma cooperativa.
12.1. Recoñece a beleza das microfotografías de organismos microscópicos e elabora traballos con sentido estético.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade para debuxar un cogomelo. • Actividade, que traballa con imaxes, para identificar distintos tipos de movementos de protozoos.

Ciencias da natureza. Unidade 5

5.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Describir as características xerais dos animais, e distinguir as características dos animais vertebrados e invertebrados.
- Identificar e describir os peixes, os anfibios, os réptiles, as aves e os mamíferos.
- Coñecer as características dos animais invertebrados identificando algúns grupos.
- Nomear animais en perigo de extinción, localizar as zonas onde habitan e coñecer algunhas das causas que os levaron a esa situación.
- Desenvolver pautas de respecto á natureza, e especialmente, á fauna.
- Aplicar operacións matemáticas para resolver problemas sobre os animais.
- Utilizar diferentes TIC para investigar e ampliar os coñecementos sobre os animais.
- Comprender informacións e adquirir vocabulario sobre os animais para expresar coñecementos de forma oral e escrita.

5.2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Características xerais dos animais. ▪ Organización do corpo 	1. Identificar e nomear as características xerais dos animais e a	1.1. Describe as características xerais dos animais e a estrutura dos seus corpos.	CCL, CMCT, CD,



dos animais. ▪Características dos animais vertebrados e dos invertebrados.	estrutura dos seus corpos, e coñecer as características dos animais vertebrados e invertebrados.	Identifica e describe as características dos animais vertebrados e invertebrados.	CAA, CSIEE, CCEC
▪Características dos peixes e tipos de peixes.	2. Describir e identificar as características xerais dos peixes, e coñecer e identificar tipos de peixes segundo o seu esqueleto.	2.1. Identifica e describe as características dos peixes. Distingue e nomea peixes óseos e peixes cartilaxinosos.	CCL, CMCT, CD, CSIEE, CCEC
▪Características dos anfibios e tipos de anfibios.	3. Describir e identificar as características xerais dos anfibios, e coñecer e identificar tipos de anfibios segundo a súa anatomía externa.	3.1. Identifica e describe as características dos anfibios e a metamorfose destes animais. Distingue e nomea anfibios anuros e anfibios urodelos.	CCL, CMCT, CD, CAA, CCEC
▪Características dos réptiles e tipos de réptiles.	4. Describir e identificar as características xerais dos réptiles, e coñecer e identificar tipos de réptiles.	4.1. Identifica e describe as características dos réptiles. Distingue e nomea réptiles escamosos, quelonios e cocodrilianos.	CCL, CMCT, CD, CAA, CCEC
▪Características das aves e tipos de aves.	5. Describir e identificar as características xerais das aves, e coñecer e identificar tipos de aves.	5.1. Identifica e describe as características das aves. Distingue e nomea aves carenadas e aves ratites.	CCL, CMCT, CD
▪Características dos mamíferos e tipos de mamíferos.	6. Describir e identificar as características xerais dos mamíferos, e coñecer e identificar tipos de mamíferos segundo o seu desenvolvemento embrionario.	6.1. Identifica e describe as características dos mamíferos. Distingue e nomea monotremas, marsupiais e placentarios.	CCL, CMCT, CD, CSIEE
▪Características dos diferentes grupos máis relevantes de animais invertebrados: poríferos, cnidarios, anélidos, equinodermos, moluscos e artrópodos.	7. Coñecer os nomes e características xerais dos diferentes grupos de animais invertebrados.	7.1. Describe as características dos poríferos, cnidarios, anélidos e equinodermos, e identifica e nomea animais de cada grupo.	CCL, CMCT, CD, CAA, CCEC
		7.2. Describe as características dos moluscos e dos artrópodos, e identifica animais de cada grupo.	CCL, CMCT, CD
▪Observación e descrición de animais: anatomía, medios nos que viven, modos de obtención de alimentos e osíxeno, tipos de desenvolvemento embrionario...	8. Comprender informacións, adquirir vocabulario sobre os animais, expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura de	8.1. Comprende informacións, adquire vocabulario sobre os animais e os seus grupos, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e amosa interese pola lectura de textos referidos	CCL, CMCT, CD



▪ Observación e descrición da anatomía externa e interna dun peixe: disección dunha troita.	textos sobre estes seres vivos.	a eles.	
• Animais en perigo de extinción; causas, localizacións e proteccións que se levan a cabo. ▪ Valoración da biodiversidade animal e conciencia do impacto das actividades e actitudes humanas na vida dos animais.	9. Coñecer nomes dalgúns animais en perigo de extinción, as causas que os levaron a esa situación e algunhas accións de protección que se levan a cabo.	9.1. Nomea animais en perigo de extinción, localiza rexións onde habitan, e describe causas que os levaron a esa situación e accións de protección da vida animal.	CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE
▪ A ciencia aplicada á matemática	10. Aplicar elementos, operacións e estratexias matemáticas para resolver problemas sobre aspectos cuantificables dos animais.	10.1. Aplica operacións matemáticas para resolver problemas sobre aspectos cuantificables dos animais: pesos, patas, tamaños...	CCL, CMCT
▪ A ciencia e as redes	11. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, observar e interpretar imaxes, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.	11.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.	CCL, CMCT, CD, CAA
▪ A ciencia e a colaboración	12. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións, e desenvolver actitudes de respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.	12.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación, e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.	CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE
▪ Elaboración de traballos e presentacións con sentido estético. ▪ Recoñecemento do valor cultural do patrimonio natural.	13. Valorar a importancia cultural do patrimonio natural e realizar traballos con sentido estético.	13.1. Recoñece o valor cultural da biodiversidade animal e realiza debuxos de animais diversos cuidando a estética.	CCL, CMCT, CCEC

5.3. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO



Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Describe as características xerais dos animais e a estrutura dos seus corpos. Identifica e describe as características dos animais vertebrados e invertebrados.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para resumir nun esquema as características dos vertebrados e os invertebrados.
2.1. Identifica e describe as características dos peixes. Distingue e nomea peixes óseos e peixes cartilaxinosos.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade de reforzo para nomear os tipos de peixes e citar as súas diferenzas.
3.1. Identifica e describe as características dos anfibios e a metamorfose destes animais. Distingue e nomea anfibios anuros e anfibios urodelos.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades para debuxar un anuro e un urodelo, sinalando as características que os diferencian.• Actividade de reforzo para nomear os tipos de anfibios e citar as súas diferenzas.
4.1. Identifica e describe as características dos réptiles. Distingue e nomea réptiles escamosos, quelonios e cocodrilianos.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para facer un debuxo dun réptil e sinalar as súas características principais.• Ficha de reforzo para distinguir os tres grandes grupos de réptiles.
5.1. Identifica e describe as características das aves. Distingue e nomea aves carenadas e aves ratites.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para citar algunhas funcións das plumas.• Actividade de reforzo para distinguir os tipos de aves.
6.1. Identifica e describe as características dos mamíferos. Distingue e nomea monotremas, marsupiais e placentarios.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para nomear a característica que diferencia os mamíferos doutros animais vertebrados.• Ficha de reforzo para distinguir os tipos de mamíferos.
7.1. Describe as características dos poríferos, cnidarios, anélidos e equinodermos, e identifica e nomea animais de cada grupo.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade, que traballa con imaxes, para describir características de diversos tipos de animais invertebrados.
7.2. Describe as características dos moluscos e dos artrópodos, e identifica animais de cada grupo.	<ul style="list-style-type: none">• Actividade para escribir as diferenzas no pé dos tres principais tipos de moluscos.• Actividade para recoñecer os artrópodos a partir dunha das súas características.
8.1. Comprende informacións, adquire vocabulario sobre os animais e os seus grupos, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura de textos referidos a eles.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades para traballar coa lectura inicial e co vocabulario.



9.1. Nomea animais en perigo de extinción, localiza rexións onde habitan, e describe causas que os levaron a esa situación e accións de protección da vida animal.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades para traballar coa información sobre animais en perigo de extinción.
10.1. Aplica operacións matemáticas para resolver problemas sobre aspectos cuantificables dos animais: pesos, patas, tamaños...	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade para resolver un problema aplicando o número de patas das arañas.
11.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade para completar o esquema da unidade.
12.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación, e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade do anexo de avaliación de avaliación de actitudes.
13.1. Recoñece o valor cultural da biodiversidade animal e realiza debuxos de animais diversos coidando a estética.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade para debuxar un mapamundi e situar nel animais en perigo de extinción.

Ciencias da natureza. Unidade 6

6.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer a electricidade nas súas dúas formas e o comportamento dos corpos ante a electricidade e diferenciar distintos tipos de xeradores de correntes eléctricas.
- Construír e interpretar circuítos eléctricos, distinguindo os seus elementos e as súas funcións.
- Identificar fenómenos de magnetismo e interaccións entre imáns, caracterizar o campo magnético de imáns e da Terra, e comprender o funcionamento do compás.
- Coñecer algunhas interaccións entre correntes eléctricas e imáns e algunhas das aplicacións tecnolóxicas derivadas delas.
- Asumir pautas de manipulación correcta de aparatos eléctricos e comprender, a grandes trazos, a configuración dun circuítto eléctrico dunha vivenda.
- Valorar a importancia do coñecemento científico e tecnolóxico.
- Desenvolver a perseveranza nas observacións e na busca das causas dos cambios que se producen no ámbito físico.
- Aplicar operacións matemáticas para calcular a lonxitude de cable necesario para completar un circuítto proposto e utilizar as TIC para investigar e ampliar os coñecementos sobre a enerxía, a electricidade e o magnetismo.
- Comprender informacións e adquirir vocabulario sobre a electricidade e o magnetismo para expresar coñecementos de forma oral e escrita.

6.2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
▪Electricidade estática.	1. Identificar e describir	1.1. Describe interaccións entre	CCL,



<p>Interaccións entre corpos cargados electricamente.</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Correntes eléctricas	<p>características da electricidade estática e das correntes eléctricas.</p>	<p>corpos con carga eléctrica e corrente eléctrica, e identifica fenómenos nos que se manifesta a electricidade.</p>	<p>CMCT, CD</p>
<ul style="list-style-type: none">▪ Corpos condutores e corpos illantes	<p>2. Definir e identificar substancias e corpos condutores e illantes.</p>	<p>2.1. Define corpo condutor e corpo illante, e identifica e nomea substancias condutoras e illantes.</p>	<p>CCL, CMCT, CD</p>
<ul style="list-style-type: none">▪ Realización de experiencias para identificar interaccións e efectos da electricidade.▪ Circuito eléctrico: xeradores e os seus tipos, cables e interruptores.▪ Aparatos receptores que transforman a corrente eléctrica.	<p>3. Coñecer os distintos tipos de xeradores de corrente e as funcións dos cables, as tomas de corrente, os interruptores e os aparatos eléctricos máis frecuentemente instalados nos circuitos.</p>	<p>3.1. Identifica e nomea tipos de xeradores, describe as funcións de elementos sinxelos dos circuitos eléctricos, e interpreta símbolos básicos de circuitos eléctricos.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CCEC</p>
		<p>3.2. Nomea aparatos eléctricos, describe o seu funcionamento e as transformacións da electricidade que se producen.</p>	<p>CCL, CMCT, CD</p>
<ul style="list-style-type: none">▪ Os imáns: polos e campo magnético.▪ Interaccións entre imáns.▪ Usos dos materiais magnéticos.▪ O magnetismo terrestre e o compás.	<p>4. Coñecer as propiedades dos imáns e as súas interaccións. Coñecer as características do campo magnético e as súas interaccións co compás.</p>	<p>4.1. Nomea as partes dun imán, define e caracteriza o campo magnético, e identifica e anticipa interaccións entre imáns.</p>	<p>CCL, CMCT, CD</p>
		<p>4.2. Describe as características do campo magnético terrestre e as súas interaccións co compás. Coñece a estrutura dun compás e é capaz de construíla a partir de elementos sinxelos.</p>	<p>CCL, CMCT, CD</p>
<ul style="list-style-type: none">▪ Campo magnético dunha corrente eléctrica. Electroimán.▪ Correntes inducidas: dínamos e alternadores. Aproveitamento.▪ Construción de circuitos orientados a un fin: investigación, método científico...	<p>5. Coñecer e comprender as relacións entre a electricidade e o magnetismo: campo magnético das correntes eléctricas (electroimán e motor eléctrico) e correntes eléctricas inducidas pola variación do campo magnético (alternadores e dínamos).</p>	<p>5.1. Identifica a aparición dun campo magnético asociado a unha corrente eléctrica, constrúe un electroimán, identifica a aparición de correntes eléctricas a partir do movemento de imáns, e nomea aparatos e dispositivos que aproveitan o electromagnetismo: motores, alternadores e dínamos.</p>	<p>CCL, CMCT, CD</p>



<ul style="list-style-type: none">▪Perigos das correntes eléctricas e normas para evitar accidentes.▪Utilización coidadosa de materiais comúns e obxectos de laboratorio.	6. Asumir e coñecer pautas de manipulación coidadosa de aparatos eléctricos e de elementos de circuitos.	6.1. Coñece os perigos á hora de conectar, manipular e desconectar aparatos eléctricos, asume pautas para evitar accidentes por electricidade, e identifica proteccións que hai nos circuitos dunha vivenda.	CCL, CMCT, CD, CSC
<ul style="list-style-type: none">▪Valoración da importancia do coñecemento científico e dos avances tecnolóxicos pola súa repercusión no progreso da humanidade.▪Afianzamento e desenvolvemento do método científico.	7. Comprender informacións, adquirir vocabulario sobre a electricidade e os seus efectos, o magnetismo, os circuitos e aparatos eléctricos..., expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura de textos sobre a enerxía, a electricidade e o magnetismo.	7.1. Comprende informacións, adquire vocabulario sobre a electricidade e os seus efectos, o magnetismo, os circuitos e os aparatos eléctricos..., expresa coñecementos e opinións, e mostra interese pola lectura de textos sobre a electricidade e o magnetismo.	CCL, CMCT, CD
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.

Aprender a aprender

Á Competencia para aprender a aprender contribúese na medida en que se favoreza a reflexión sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas ou espazos, co fin de que os coñecementos adquiridos doten nenos e nenas dunha experiencia suficiente para utilízalos en situacións diferentes. O desenvolvemento da capacidade de observación, formula a conveniencia de establecer pautas que a guíen, co obxecto de que o exercicio de observar proporcione información relevante e suficiente. Neste sentido, a área fai competente en aprender, ao proporcionar protocolos de indagación e planificación de procesos susceptibles de ser utilizados noutras aprendizaxes.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Plástica (Unidades)

2. OBXECTIVOS.

3. SECUENCIA DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS CLAVE.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DO GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA (EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO)

Plástica. Unidad 1

1.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS



- Distinguir as cores cálidas e frías e a súa influencia na composición dunha paisaxe segundo o hábitat.
- Coñecer e poñer en práctica o contraste de cor entre luces e sombras.
- Valorar o patrimonio artístico en diferentes manifestacións: escultura, pintura ao fresco, arquitectura...
- Apreciar os matices de cor nas mesturas con branco e negro, e repasar a clasificación das cores cálidas e frías.
- Realizar composicións imitando o proceso informático.
- Realizar traballos de deseño en relación coa publicidade.
- Indagar nas posibilidades creativas a partir dun trazo suxestivo.
- Utilizar a cuadrícula como o procedemento do debuxo a escala.
- Exercitar a observación dunha obra pictórica para compoñer un crebacabezas con formas rectangulares.
- Integrar os elementos da natureza na composición plástica.
- Manexar formas rectangulares para compoñer un crebacabezas.
- Aproveitar o material reciclable e representar elementos arquitectónicos.
- Construír elementos tridimensionais con formas recortadas e acuñadas

1.2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
▪Indagación sobre as posibilidades expresivas dos elementos naturais	1. Representar escenas naturais usando a linguaxe plástica e visual.	1.1. Realiza composicións de elementos naturais que transmitan sensacións.	CMCT
▪Aplicación das cores branca e negra de forma intencionada	2. Describir as cores aplicadas, comprobando o resultado ao desenvolver as diferentes mesturas.	2.1. Aplica de modo adecuado a mestura das cores primarias co branco e o negro.	CCL, CCEC
▪Análise das imaxes a través das novas tecnoloxías.	3. Observar as novas tecnoloxías da información como medio de deseño.	3.1. Debuxa animais partindo dun bosquexo realizado coas novas tecnoloxías.	CCEC
▪Identificación da escultura e da pintura como manifestacións artísticas.	4. Recoñecer a escultura e a pintura como demostración plástica.	4.1. Representa co claroscuro a sensación de volume nunha escultura.	CCEC, CCL
▪Preparación dun cartel publicitario como elemento propio.	5. Experimentar co deseño de carteis como un medio de comunicación.	5.1. Confecciona o seu propio cartel publicitario.	CCEC, CSC
▪Exploración e	6. Realizar imaxes usando a	6.1. Analiza as posibilidades da	CCEC,



experimentación da técnica do estampado.	técnica do estampado.	técnica de estampar, experimentando a creatividade e a soltura cos novos materiais.	CSC
▪Análise dos espazos usando nocións métricas: a cuadrícula	7. Identificar os elementos básicos, facendo uso das nocións métricas.	7.1. Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico: a cuadrícula.	CMCT, CSIEE
▪Predisposición á orixinalidade e a creatividade na realización da obra plástica.	8. Mostrar interese e coidado polos materiais, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade do alumno.	8.1. Combina as cores para utilízalas correctamente na composición, destacando a creatividade e a orixinalidade na creación plástica.	CMCT, CSIEE
▪Análise da perspectiva a través da obra artística.	9. Experimentar coa perspectiva dentro dunha obra artística.	9.1. Manexa os efectos visuais da perspectiva, observando unha obra de arte.	CMCT, CSIEE
▪Realización individual dunha escultura con material reciclado.	10. Manexar o material reciclado para a realización dunha escultura.	10.1. Valora os recursos empregados para realizar unha escultura.	CAA, CMCT
▪Revisión e reflexión sobre as tarefas efectuadas. ▪Construción de estruturas cunha guía previa.	11. Representar volumes.	11.1. Constrúe obxectos utilizando o recortado, a pregadura e o pegado de pezas de diversas formas para deseñar obxectos tridimensionais.	CMCT, CCEC

1.3. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Realiza composicións de elementos naturais que transmiten sensacións.	<ul style="list-style-type: none"> Composición de distintas paisaxes para representar hábitats diferentes e unha paisaxe de montaña.
2.1. Aplica de modo adecuado a mestura das cores primarias co branco e o negro.	<ul style="list-style-type: none"> Debuxo e coloreado de froitas mesturando as cores primarias co branco e o negro.
3.1. Debuxa animais partindo dun bosquezo realizado coas novas tecnoloxías.	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración dun animal imitando o procedemento de debuxo por ordenador.



4.1. Representa con claroscuro a sensación de volume nunha escultura.	<ul style="list-style-type: none">• Representación dunha escultura de Botero mediante a técnica de sombreado a lapis.
5.1. Confecciona o seu propio cartel publicitario.	<ul style="list-style-type: none">• Deseño e elaboración dun cartel publicitario.
6.1. Analiza as posibilidades da técnica do estampado, experimentando a creatividade e a soltura cos novos materiais.	<ul style="list-style-type: none">• Composición de flores coa técnica de estampación utilizando a esponxa e as témperas.
7.1. Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico: a cuadrícula.	<ul style="list-style-type: none">• Debuxo a escala dunha paisaxe dun elefante e do seu contorno utilizando a cuadrícula.
8.1. Combina as cores para utilizalas correctamente na composición, destacando a creatividade e a orixinalidade na creación plástica.	<ul style="list-style-type: none">• Combinación e mesturado das cores producindo novos tons e contrastes entre claros e escuros.
9.1. Manexa os efectos visuais da perspectiva, observando unha obra de arte.	<ul style="list-style-type: none">• Observación dun cadro de Rafael, apreciando a perspectiva representada. Realización do crebacabezas correspondente.
10.1. Valora os recursos empregados para realizar unha escultura.	<ul style="list-style-type: none">• Construción dunha ponte romana con material reciclable.
11.1. Constrúe obxectos utilizando o recortado, a pregadura e o pegado de pezas de diversas formas para deseñar obxectos tridimensionais.	<ul style="list-style-type: none">• Elaboración de obras tridimensionais con formas recortadas e acuñadas.

Plástica. Unidade 2

2.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Apreciar a proporción e simetría en actividades de representación do rostro e o corpo humano. Representar o corpo humano en debuxo e en escultura.
- Valorar o patrimonio artístico en diferentes manifestacións, estilos e épocas: pintura barroca e cubista, arquitectura modernista...
- Realizar unha variante dun cadro de Murillo e dun cadro de Juan Gris.
- Introducir o coñecemento e práctica do debuxo xeométrico, utilizando adecuadamente a regra e o compás.
- Practicar novas técnicas de coloreado para representar figuras en movemento.
- Realizar traballos de deseño en relación coa publicidade.
- Coñecer e representar algúns tipos de composición pictórica: mariña, retrato e bodegón.
- Utilizar a cuadrícula como procedemento de debuxo a escala.
- Exercitar a observación dunha obra arquitectónica para compoñer un crebacabezas con formas rectangulares.
- Integrar os elementos da natureza na composición plástica.
- Manexar formas rectangulares para compoñer un crebacabezas.



- Construír elementos tridimensionais con formas recortadas.

2.2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none">• Identificación do barroco e do cubismo como movementos artísticos.	1. Recoñecer o barroco e o cubismo como movementos artísticos.	1.1. Observa o barroco e o cubismo como movementos artísticos.	CCL, CCEC
<ul style="list-style-type: none">• Elaboración do deseño previo á realización dun cartel.	2. Experimentar coas imaxes como ferramentas para deseñar un cartel.	2.1. Reflexiona sobre un cartel publicitario e comenta a súa relación co produto, coa imaxe e coa mensaxe.	CCEC, CCL
<ul style="list-style-type: none">▪ Realización gráfica dun rostro humano usando as nocións métricas	3. Describir o rostro humano usando elementos básicos da linguaxe visual.	3.1. Realiza debuxos do rostro humano partindo das liñas de proporción.	CCEC, CCL, CSC
<ul style="list-style-type: none">▪ Exploración da proporción humana usando as nocións métricas.	4. Realizar o debuxo dunha figura humana tendo en conta as nocións métricas.	4.1. Representa e organiza o espazo para confeccionar correctamente o debuxo da figura humana segundo a súa proporción.	CMCT
<ul style="list-style-type: none">▪ Identificación da arquitectura como unha manifestación artística.▪ Coñecemento das profesións relacionadas ou afíns á arquitectura	5. Mostrar interese pola arquitectura como manifestación artística.	5.1. Observa o seu contorno para interpretar a arquitectura.	CMCT, CSIEE
<ul style="list-style-type: none">▪ Elaboración de imaxes usando as nocións métricas.▪ Seguimento das normas e instrucións para o correcto uso e conservación da regra e o compás.	6. Experimentar con formas xeométricas utilizando os instrumentos de debuxo, a regra e o compás.	6.1. Traza circunferencias, ángulos, cadrados, rombos e rectas utilizando a regra e o compás.	CMCT, CSIEE, CD



<ul style="list-style-type: none"> ▪ Análise das características dunha técnica con ceras brandas para crear unha nova obra plástica. 	7. Manexar as novas técnicas aprendidas coas ceras brandas e as acuarelas.	7.1. Combina e analiza as cores usando unha nova técnica coas ceras brandas.	CMCT, CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Exploración das posibilidades expresivas da liña e da cor para crear sensación de movemento e de repouso. 	8. Identificar as liñas e as cores para crear a sensación de movemento e de repouso.	8.1. Debuxa unha mariña usando as proporcións, os tamaños, os efectos e as cores adecuadas.	CMCT, CCEC
		8.2. Combina e analiza as cores para utilizalas correctamente na composición.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aplicación da técnica da colaxe cos materiais adecuados para a creación dunha obra plástica. Uso da plastilina nunha obra plástica. 	9. Representar volumes usando como material a plastilina.	9.1. Coida e respecta os materiais plásticos, os utensilios e o espazo.	CMCT, CCEC
		9.2. Constrúe unha escultura da figura humana utilizando os instrumentos e os materiais necesarios.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Revisión e reflexión sobre os procesos seguidos na elaboración das obras plásticas. 	10. Describir os materiais e os utensilios adecuados comprobando as posibilidades para crear unha obra plástica coa técnica da colaxe.	10.1. Valora os materiais e os recursos empregados para conseguir o efecto da técnica da colaxe.	CCEC, CCL

2.3. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Observa o barroco e o cubismo como movementos artísticos.	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de variantes sobre un cadro de Murillo e un cadro de Juan Gris.
2.1. Reflexiona sobre un cartel publicitario e comenta a súa relación co produto, coa imaxe e coa mensaxe.	<ul style="list-style-type: none"> • Realización dun cartel publicitario integrando todos os elementos para lograr a súa finalidade.



3.1. Realiza debuxos do rostro humano partindo das liñas de proporción.	<ul style="list-style-type: none">• Elaboración do rostro humano tendo en conta o eixe de simetría e a situación correcta das faccións.
4.1. Representa e organiza o espazo para confeccionar correctamente o debuxo da figura humana segundo a súa proporción.	<ul style="list-style-type: none">• Representación da figura humana coa proporción segundo o canon clásico de sete cabezas.
5.1. Observa o seu contorno para interpretar a arquitectura.	<ul style="list-style-type: none">• Realización dun crebacabezas sobre A Sagrada Familia, de Gaudí.
6.1. Traza circunferencias, ángulos, cadrados, rombos e rectas utilizando regra e o compás.	<ul style="list-style-type: none">• Composición xeométrica coa regra e o compás.
7.1. Combina e analiza as cores usando unha nova técnica coas ceras brandas.	<ul style="list-style-type: none">• Debuxo e coloreado mediante esluído para representar o movemento e a velocidade.
8.1. Debuxa unha mariña usando as proporcións, os tamaños, os efectos e as cores adecuadas.	<ul style="list-style-type: none">• Realización dunha mariña con ondada, producindo efectos de luces e sombras.
8.2. Combina e analiza as cores para utilizalas correctamente na composición.	<ul style="list-style-type: none">• Tratamento da cor co coñecemento da súa composición e a súa combinación harmónica.
9.1. Coida e respecta os materiais plásticos, os utensilios e o espazo.	<ul style="list-style-type: none">• Realización dunha figura humana en escultura.
9.2. Constrúe unha escultura da figura humana utilizando os instrumentos e os materiais necesarios.	
10.1. Valora os materiais e os recursos empregados para conseguir o efecto da técnica da colaxe.	<ul style="list-style-type: none">• Realización de colaxes valorando as texturas e funcionalidade expresiva dos materiais.

Plástica. Unidade 3

3.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Afondar na técnica do sombreado a lapis como fundamento do debuxo artístico dentro das Belas Artes.
- Coñecer as características do logotipo e realizar un exemplo.
- Relacionar palabra e imaxe ao realizar a ilustración dun poema.
- Introducir o coñecemento e a práctica do debuxo xeométrico, representando unha parede de azulexos de estilo mudéjar.
- Valorar o patrimonio artístico en diferentes manifestacións, estilos e artistas: dolmen, cadros de Kandinski e de Picasso, e o estilo mudéjar.
- Distinguir entre un bosquexo e un debuxo. Realizar exemplos de bosquexos.
- Realizar unha paisaxe tendo en conta os fundamentos da perspectiva.
- Construír un elemento tridimensional con formas acuñadas.
- Participar nunha representación teatral, valorando a riqueza plástica da posta en escena, en canto ao vestuario, o decorado e a expresión corporal.



3.2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
▪Aplicación de cores usando tonalidades de forma intencionada.	1. Utilizar as cores coas súas tonalidades usando a linguaxe plástica e visual.	1.1. Realiza composicións utilizando os claroscuros e as texturas.	CCL, CCEC
▪Preparación dun documento artístico para a comunicación: un logotipo.	2. Realizar un logotipo individualmente.	2.1. Busca un logotipo e confecciona outro para o seu colexio.	CCEC, CSC
▪Identificación dunha forma representativa (dolmen) dentro da expresión cultural da nosa sociedade.	3. Recoñecer o dolmen como expresión cultural da nosa sociedade.	3.1. Valora o dolmen como unha forma representativa dentro da expresión cultural da nosa sociedade.	CMCT, CSIEE
▪Representación das formas abertas e pechadas, con límites e contornos.	4. Participar con interese nas actividades, coidando e respectando os materiais e os utensilios, e desenvolvendo a creatividade e a orixinalidade no alumno.	4.1. Realiza composicións que transmiten emocións e sensacións básicas utilizando todos os recursos coñecidos polo alumno.	CMCT, CSIEE
▪Predisposición á orixinalidade, á creatividade e á espontaneidade para plasmar as ideas e sentimentos, de modo persoal e autónomo, na creación dunha obra de arte.	5. Identificar o bosquexo como traballo previo á obra de arte.	5.1. Utiliza o bosquexo para a posterior realización dunha obra de arte.	CMCT
▪Elaboración dun bosquexo como documento propio da comunicación artística.	6. Experimentar coas formas xeométricas básicas utilizando correctamente materiais propios do debuxo, como a regra e	6.1. Representa formas xeométricas con axuda das ferramentas básicas (regra e compás).	CMCT, CCEC, CSC



	o compás.		
<ul style="list-style-type: none"> Valoración e apreciación da obra artística como instrumento de comunicación persoal e transmisión cultural. 	7. Formular opinións acerca das manifestacións artísticas estudadas.	7.1. Expresa opinións acerca das manifestacións artísticas estudadas.	CMCT, CCEC
<ul style="list-style-type: none"> Seguimento das normas e instrucións para o manexo e conservación da regra e o compás. Construción de estruturas e transformación de espazos usando a perspectiva. 	8. Manexar e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico e da perspectiva.	8.1. Manexa os efectos visuais da perspectiva para debuxar unha paisaxe. 8.2. Utiliza a horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.	CMCT
<ul style="list-style-type: none"> Creación dun ambiente para a representación teatral 	9. Utilizar a comunicación como medio de transmisión oral a través dunha representación teatral.	9.1. Participa e demostra interese na representación teatral, colaborando e organizando o traballo.	
<ul style="list-style-type: none"> Asunción de responsabilidade no traballo de grupo. 	10. Mostrar interese polo traballo dun mesmo e o dos seus compañeiros.	10.1. Mostra interese polas tarefas realizadas tanto por el mesmo coma polos seus compañeiros.	CCEC, CSC, CAA, CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> Indagación sobre as posibilidades plásticas dos materiais de reciclado. Seguimento progresivo no coñecemento e o uso da técnica das témperas como técnica mixta. 	11. Observar o material reciclable como unha posibilidade plástica.	11.1. Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos que se deben empregar.	CCEC, CCL, CSIEE, CSC

3.3. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro

seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
--------------------------------------	--



1.1. Realiza composicións utilizando o claroscuro e as texturas.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades de sombreado a lapis: dolmen e taboleiro de xadrez.
2.1. Busca un logotipo e confecciona outro para o seu colexio.	<ul style="list-style-type: none">• Creación dun logotipo para o centro escolar.
3.1. Valora o dolmen como unha forma representativa dentro da expresión cultural da nosa sociedade.	<ul style="list-style-type: none">• Observación e representación dun dolmen prehistórico.
4.1. Realiza composicións que transmiten emocións e sensacións básicas utilizando todos os recursos coñecidos polo alumno.	<ul style="list-style-type: none">• Representación dun cadro abstracto a partir da observación dun cadro de Kandinski.
5.1. Utiliza o bosquexo para a posterior realización dunha obra de arte.	<ul style="list-style-type: none">• Observación do <i>Guernica</i> e dous dos seus bosquexos. Realización de bosquexo e debuxo.
6.1. Representa formas xeométricas con axuda das ferramentas básicas (regra e compás).	<ul style="list-style-type: none">• Composición xeométrica simulando unha parede de azulexos de arte mudéjar.
7.1. Expresa opinións acerca das manifestacións artísticas estudadas.	<ul style="list-style-type: none">• Valoración das obras artísticas utilizadas como modelo. Opinión sobre as versións realizadas.
8.1. Manexa os efectos visuais da perspectiva para debuxar unha paisaxe.	<ul style="list-style-type: none">• Realización dunha paisaxe segundo as leis da perspectiva.
8.2. Utiliza a horizontal como un elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.	<ul style="list-style-type: none">• Comprensión dos conceptos propios da perspectiva. Elaboración dun exemplo trazando a liña de horizonte e marcando o punto de fuga.
9.1. Participa e demostra interese na representación teatral, colaborando e organizando o traballo.	<ul style="list-style-type: none">• Interpretación dun personaxe nunha dramatización colectiva baseada nunha obra de literatura universal.
10.1. Mostra interese polas tarefas realizadas tanto por el mesmo coma polos seus compañeiros.	<ul style="list-style-type: none">• Opinión e valoración dos traballos propios e alleos.
11.1. Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos que se deben empregar.	<ul style="list-style-type: none">• Utilización adecuada dos materiais e os espazos como requisito indispensable para proceder á creación plástica.
12.1. Debuxa animais combinando e analizando adecuadamente a técnica mixta.	<ul style="list-style-type: none">• Representación dun tigre e un medio natural mediante a técnica mixta das témperas e os lapis de cor.

Plástica (aspectos comúns para toda a área)

5. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS

- Aplicar tonos axeitados para colorear obxectos e paisaxes.
- Sombrear co lapis.
- Aplicar con limpeza, coidado e respecto os distintos materiais propios da plástica.
- Debuxar co lapis distintas figuras da xeometría básica.



- Realizar diferentes obras artísticas mediante distintas técnicas: collage, ténpera, ... sobre distintos tipos de material. Producir obras plásticas de forma cooperativa

6. ACTIVIDADES

Representamos paisaxes

- Observamos a presenza das cores frías e cálidas en paisaxes.
- Representamos unha paisaxe de montaña con contraste de luces e sombras.

Traballamos a cor

- Representamos froitas coas cores primarias mesturados co branco e co negro.
- Compomos paisaxes contando a temperatura da cor e o contraste entre tons claros e escuros.
- Compomos un cartel tendo en conta a función da cor na mensaxe publicitaria.

Utilizamos as formas xeométricas

- Construimos unha ponte romana con material reciclable.
- Realizamos un debuxo con cuadrícula.

Traballamos a creatividade persoal

- Debuxamos motivos a partir dun trazo que nos resulta suxestivo ou evocador.

Realizamos actividades relacionadas co patrimonio cultural

- Observamos A escola de Atenas e realizamos o quebracabezas correspondente.

Traballamos a textura

- Realizamos estampacións de témperas con esponxa e actividades manipulativas.

7. TEMPORALIZACIÓN

Traballarase unha nova Unidade cada trimestre, sempre e cando o ritmo da clase o permita.

8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas **estratexias metodolóxicas:**

- Diálogo previo sobre os coñecementos e as experiencias emocionais en relación cos modelos ou os motivos das actividades.
- Observación e comentario sobre a actividade a realizar. Posta en común sobre os gustos e as



preferencias nos aspectos que se consideren variables.

- Traballo reflexivo individual ante o desenvolvemento das actividades.
- Traballo en grupo cooperativo no desenvolvemento de actividades e proxectos: agrupar aos alumnos en grupos e utilizar as estruturas de traballo cooperativo suxeridas para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo: despois do traballo individual ou grupal.

9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os seguintes materiais dixitais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo da contidos da área de Plástica:

- Vídeos e quebra cabezas de obras de arte.
- Actividades interactivas compositivas.
- Actividades de técnicas plásticas con barra de ferramentas.
- Tamén a consulta de páxinas web da proposta didáctica, así como as actividades recomendadas de reforzo e ampliación para atender á diversidade do alumnado.
- Utilizaremos distintos soportes (cartolinas, papel pinocho, papel seda, papel de aluminio.....), témperas, acuarelas, ceras, rotuladores, lapis de cores, pinces, escuadra, cartabón, regra, compás...
- Distintas técnicas coa axuda do ordenador e os recursos de internet.

10. PROCEDEMENOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continúa e global, terá en conta:

- O progreso do alumno en todas as áreas do currículo.
- Os diferentes elementos do currículo.
- A adquisición de competencias básicas
- A necesidade de establecer medidas de reforzo educativo.

Ao rematar o curso elaborárase un informe individualizado sobre o grao de adquisición das aprendizaxes.

Realízase unha avaliación inicial no mes de setembro. Xa en cada unidade partiremos dos coñecementos previos do alumnado para aumentar gradualmente os contidos.

Ao ser unha avaliación continúa, teranse en conta todos os aspectos observados durante as diferentes sesións.

Destacar que o principal instrumento será a observación do progreso do alumnado, así como a adquisicións das competencias básicas.



Outros instrumentos serán o traballo realizado polo alumnado en cada unidade, rexistros, traballos individuais e en grupos, traballos voluntarios, fichas de reforzo e ampliación, controis o final de cada unidade etc.

11. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

En cada avaliación:

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Limpeza no seu traballo	20%
Estándares de aprendizaxe	70%
Adecuación dos materiais usados	10%
Cualificación total	100%

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

■ Para o alumnado que non precisa saír da aula:

O currículo que desenvolve este alumnado é o que corresponde ó proxecto curricular e a programación da aula coas medidas de adaptación e apoio que cada caso require. Interven o equipo educativo do grupo e, de ser preciso, o profesorado de apoio do centro.

O grao de participación varía en función das necesidades educativas que o alumnado presente, das súas competencias curriculares, das adaptacións curriculares e dos medios persoais e materiais que precise.

A atención educativa que se realiza na aula ordinaria supón a planificación e desenvolvemento das actividades comúns e adaptadas do seu grupo.

■ Para alumnado que precisa saír da aula e recibir atención personalizada específica:

O grao de participación varía en función das necesidades educativas que o alumnado presente, das súas competencias curriculares, das adaptacións curriculares e dos medios persoais e materiais que precise.

A atención educativa que se realiza na aula ordinaria supón a planificación e desenvolvemento das actividades comúns e adaptadas do seu grupo.

A intervención sobre aspectos máis específicos realizarase na aula de apoio por parte do profesorado especialista en P.T. e A.L.

13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROPIAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA.



A programación estará en continuo proceso de revisión, coas modificacións que sexan necesarias para obter os mellores resultados e tendo en conta os procesos de mellora e a individualidade de cada neno para conseguir acadalos. Os mecanismos a utilizar serán a observación periódica e sistemática de todo o proceso, así como a atención a individualidade de cada un dos integrantes no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Toda programación en si mesma será e estará composta de medidas de revisión para cada momento do proceso e estará en continuo cambio cando sexa necesario en función sempre dos alumnos e a súa diversidade.

Os mecanismos serán:

- Revisión constante do proceso.
- Avaliación continua do proceso.
- Avaliación dos resultados.
- Reforzo e ampliación para cada un dos integrantes do proceso.
- Proceso de mellora para cada momento.
- Atención a diversidade.
- Medidas de mellora e ampliación.
- Aplicación de distintos modelos de avaliación.
- Adaptación de todo o proceso a cada individualidade.
- Revisión constante de materiais e metodoloxía, así como de todos os instrumentos da programación.

14. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSEÑANZA E A PRÁCTICA DOCENTE.

COMO MESTRE/A	SI	NON
Adico de maneira periódica un tempo específico para planear o meu traballo docente.		
Realizo unha planeación escrita das miñas clases.		

AO PLANEAR AS UNIDADES...	SI	NON
Consulto o Plan e Programas de Estudo para ter presentes os propósitos xerais de cada materia.		
Consulto o Avance Programático para considerar a secuencia, profundidade e interrelación entre os contidos de ensinanza.		



Consulto os materiais de capacitación e actualización para retomar información referida aos contidos e enfoques da ensinanza.		
Realizo os axustes necesarios ao currículo para tratar de atender as características de todo o alumnado.		

NO MEU PLAN DE CLASE ESTABLEZO:	SI	NON
Os contidos que vou ensinar considerando os compoñentes ou exes temáticos de cada área.		
Os criterios de aprendizaxe que quero lograr no meu alumnado, como o desenvolvemento de habilidades, actitudes e a adquisición de coñecementos.		
Os recursos que vou a empregar para desenrolar as actividades de ensinanza.		
As estratexias que vou a aplicar para avaliar as aprendizaxes do meu alumnado.		

18. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA AVALIACIÓN.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica, propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propomos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, que se realizará ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			



Educación en valores

1. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS.

Descrición do modelo competencial.

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento das competencias. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos no alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable, polo que cada unha se estrutura en indicadores, grandes piares que permiten describila dun xeito máis preciso. Podemos encontrar entre tres e seis indicadores por competencia.

O indicador segue sendo aínda demasiado xeral, polo que o descompoñemos no que chamamos descritores da competencia, que “describen” o alumnado competente neste ámbito. Por cada indicador encontraremos entre tres e seis descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descriptor en desempeños competenciais redactados en terceira persoa de presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia, que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade; será concreto e obxectivo, e indícanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto, aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballarase desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de **valores**, presentes tamén en todas as áreas, axudará a que o noso alumnado aprenda a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade do alumnado cos seus estilos de aprendizaxe distintos levaranos a traballar desde as **diferentes potencialidades** con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Valores Sociais e Cívicos.

Na área de Valores Sociais e Cívicos incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.



Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar, interpretar e expresar con claridade elementos e razoamentos matemáticos para enfrontarse a aquelas situacións cotiás que os precisan. Así mesmo, esta competencia ofrece a posibilidade de empregar o razoamento lóxico, analizar e axuizar a partir de conflitos, e resolver problemas e xuízos morais de diversos problemas sociais e históricos.

Os descritores que podemos traballar serán:

- Interactuar co ámbito natural de forma respectuosa.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano, fronte ao coidado saudable deste.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece a noso arredor.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

Para o bo desenvolvemento desta competencia nesta área, será decisivo o fomento da lectura a través de libros e de fragmentos de textos escollidos para comentar na aula con dúas finalidades: mellorar a comprensión lectora e a adquisición de destrezas para a expresión escrita, e adquirir identidade sobre o que significa unha sociedade cívica. Todo iso co obxectivo de favorecer o coñecemento dos valores, os dereitos e os deberes destacados nos dereitos humanos, etc. Trataremos desde esta área de que adquiran as destrezas comunicativas, tanto orais coma escritas, e para iso, procuraremos adestrar polo menos un descritor en cada unha das unidades didácticas.

Os descritores que podemos utilizar serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, as normas ortográficas e as gramaticais para elaborar textos escritos.
- Manexar elementos de comunicación non verbal, en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Compoñer distintos tipos de textos de forma creativa e con sentido literario.



- Producir textos escritos de diversa complejidad para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital

Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que posibiliten o acceso ao coñecemento e á vez, nos ensine o seu uso responsable; a devandita competencia favorecerá dous tipos de traballo: autónomo e participativo, nos que se fomentará a identidade persoal e a relación interpersoal, respectivamente, desde unhas bases sólidas nas que poidan empezar a xerar os seus propios criterios sobre situacións reais da sociedade na que viven.

Os descritores nesta competencia serán:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

A través desta competencia e desde esta área, posibilitase a adquisición de pautas sociais e cívicas persoais, interpersoais e interculturais para participar dunha forma eficaz e construtiva en sociedades cada vez máis diversificadas.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza nas expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A área de Valores Sociais e Cívicos pídenos que se facilite a construción da identidade individual e se potencien as relacións interpersoais para favorecer a convivencia de acordo a valores cívicos socialmente

recoñecidos, polo que esta competencia fomentará todos aqueles aspectos que lle axuden ao alumnado a formarse como persoas e cidadáns participativos na mellora e o desenvolvemento dunha sociedade democrática. Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito, referendado por unha norma suprema chamada Constitución española.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.



- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor beneficiará ao alumnado, xa que se iniciará no autoconhecimento a distintos niveis para poder desenvolver habilidades que o leven a tomar iniciativas emprendedoras que faciliten a asunción da complexa convivencia social propiciando valores de interdependencia positiva e cooperación, de acordo cos valores, os dereitos e os deberes da sociedade na que se desenvolven.

Neste caso, os descritores a adestrar serían:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

Aprender a aprender

